

Moi boas.

Dende a cafetería do Centro queremos informar a usuarias e usuarios o noso compromiso de cumprir todas as medidas precisas para combatir o COVID-19.

Informamos que o noso establecemento adaptou as súas instalacións para tal fin, de modo que as poidades usar sen riscos.

Co fin de evitar aglomeracións dentro da cafetería, durante os recreos, as alumnas e os alumnos que desexen mercar bocadillos, terán a súa disposición un espazo no patio e terán que facer cola ordenada e gardando a distancia de seguridade. Si desexan mercar outro tipo de produto, terán que agardar a que remate a quenda dos bocadillos.

Para o alumnado do aulario 3, habilitouse un espazo no pórtico de entrada do mesmo, para a venda de produtos da cafetería, durante o tempo do recreo, debido a que non lles está permitido baixar.

Durante o recreo, as profesoras, profesores e persoal non docente que desexen facer uso da cafetería, terán tamén que agardar que remate a quenda de bocadillos para ser atendidos, ou ben poden consumir exclusivamente encargando para levar, ou dentro da cafetería a porta pechada, cun aforo máximo de 19 persoas. Unha vez remate a quenda de bocadillos, poderán ser atendidas e atendidos polo persoal da cafetería.

Como xa se viña facendo en cursos anteriores, darase prioridade a aquelas persoas que teñan encargada a súa consumición; polo que serán as primeiras en ser atendidas.

Sentimos moito ter que adoptar estas medidas, pero temos que comprender a situación actual e facer o posible para conter o COVID-19.

Para que todo isto non quede en balde, agradecemos a vosa colaboración, respectando as indicacións que vos propoñemos. Entre todas e todos de seguro que logramos rematar con todo isto.

Sen mais, vos desexamos un bo curso e estaremos encantadas e encantados de vos recibir no noso local.

Un saúdo.

David Fernández Fernández,

Xerente da Cafetería do Centro.